

Reverso do real

Oficio e destreza estilística

ARMANDO REQUEIXO

Cabalos do demo e outros invertebrados, de Isidro Novo, é o libro de relatos cos que a coruñesa Editorial Trifolium bota a andar a súa colección “Litterae.”

O de Lugo reúne aquí cinco textos escritos para diferentes conmemoracións ou a petición dalgún xornal. Todos agás o conto co que se abre o libro, que é xustamente o que lle dá nome, distinguido no seu día no Certame Manuel Murguía de Narracións Breves.

Cinco relatos, cada cal do seu xorne. Cinco historias xun-guidas, unicamente, polo fío do fantástico. Do resto, variabilidade absoluta: dende o relato longo ata o minirrelato, do texto fabulístico ao conto de terror, da ambientación peregrinatoria ao erótico demoníaco.

Oficio, destreza estilística e inesgotable repertorio léxico demostran estes textos, de lectura ora témera (velaí o horror folleano de meigas, lobicáns e posuídos de “Cabalos do demo”) ora sorprendente por fantástica (así nas aventuras de sombras do ultramundo que reflicten “O voyeur e a dama intanxíbel” e “Unha asombrosa sombra”) ora de fatal e inesperado desenlace (como no silandeiro asasinado de “Vostede siga ben, señor Fiscal”) ora de enxeñosa re-escrita metaliteraria (“O lobo daquela Caparuchiña”).

Cabalos do demo e outros invertebrados: enigmático reverso do real.

NOVO, Isidro, *Cabalos do demo e outros invertebrados*, Ed. Trifolium, Oleiros, 2010, PVP.15 €

